

CORRECCIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN REITORAL DO 9 DE XULLO POLA QUE SE APROBAN AS NORMAS ECONÓMICAS DERIVADAS DA XESTIÓN ACADÉMICA DE TITULACIÓNS OFICIAIS NO CURSO ACADÉMICO 2025/2026

Detectado erro na resolución reitoral do 9 de xullo de 2025 anteriormente referida,

Visto o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

Esta Reitoría resolve:

- 1 Modificar o texto da resolución reitoral nos seguintes termos

7. DEVOLUCIÓNS

7.1 Procede a devolución de prezos públicos no caso de:

- a) Concesión de anulación total por recolocación ou situacións análogas antes do inicio do curso: devolverase o importe aboado pola súa matrícula.
- b) Concesión de anulación total de matrícula solicitada polo alumnado presentada dentro do prazo establecido na convocatoria de matrícula:
 - Solicitudes presentadas ao inicio do primeiro cuadrimestre **devolverase o importe da tarxeta universitaria e o importe dos créditos de primeiro e segundo cuadrimestre, así como a titoría anual de doutoramento.**
 - No caso de máster nas solicitudes presentadas ao inicio do segundo cuadrimestre devolverase o **importe dos créditos do segundo cuadrimestre.**
- c) Concesión de anulación total de matrícula solicitada polo alumnado presentada fóra do prazo establecido na convocatoria de matrícula:
 - Durante o primeiro cuadrimestre devolverase o importe dos créditos do segundo cuadrimestre agás naqueles casos nos que a convocatoria de matrícula estableza por razóns xustificadas outra forma de proceder.
 - Solicitudes presentadas iniciado o segundo cuadrimestre non procede devolución de matrícula.
 - No caso establecido no punto 2.7.2.2.3) da convocatoria de matrícula de Grao devolverase o importe da tarxeta universitaria e o importe dos créditos de primeiro e segundo cuadrimestre.
- d) Concesión de modificación parcial de matrícula ou recoñecemento que xere un importe inferior ao aboado.
- e) Con posterioridade ao abono, se acredita atoparse en situación administrativa ou legal que supoña exención total o parcial: devolverase o importe cuberto pola exención.



- f) Concesión de premio extraordinario en Grao e Doutoramento: unha vez aprobada a relación de estudantes premiados no Consello de Goberno a devolución do prezo por expedición de título farase de oficio a través da **Sección de Xestión de Prezos Públicos**.
- g) Cando se ingresen importes superiores aos que corresponde debido a erros materiais, de feito ou aritméticos existentes na autoliquidación, así mesmo os pagos que se efectúen por transferencia desde un país con mandato SEPA : devolvérase o importe erroneamente aboado.
- h) Cando non se preste o servizo por causa non imputable á persoa matriculada:
 - i. Devolverase o importe aboado pola súa matrícula cando a causa sexa imputable á Universidade.
 - ii. Devolverase o importe aboado nos termos establecidos no punto 7.1. b) cando non sexa posible a prestación do servizo por causas alleas á vontade da persoa (enfermidade ou accidente grave, denegación de visado...), en función do servizo prestado ata a data do feito causante, a través de resolución motivada.
- i) O importe da reserva de praza de máster, será devolto no caso de que se realice matrícula entendendo que o acto de matrícula compensa o custo que á Universidade lle supón o servizo prestado.
Tamén será devolto cando non sexa posible a realización da matrícula por causas alleas á vontade da persoa e que non existían no momento de realizar a reserva de praza (denegación de visado solicitado no prazo establecido pola normativa vixente en materia de estranxería , enfermidade ou accidente grave...)

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de **dous meses** contados dende o día seguinte a súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo **dun mes** contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no *artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica
O Reitor,
Manuel Joaquín Reigosa Roger



CSV : GEN-7b46-d495-096e-ffbf-bdc1-e04b-a502-c709

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 12/09/2025 11:52 | NOTAS : F